

Tempo para escribir mellor



1 Le e clasifica as palabras con **x**.


O sábado fun á feira de artesanía con meus pais e vin un frasco de perfume con forma de **saxofón**. Era moi **xeitoso** e **orixinal**. Pensei en regalarlle un así á avoa. E, por suposto, o meu regalo tivo moito **éxito**!

O **x** soa coma en **xamón**



O **x** soa coma en **taxi**

Palabras con x

Nas palabras que levan **x**, este pode soar coma en *xamón* ou coma en *taxi*.



2 Escoita e completa con **s** ou con **x**. Despois, copia.

	
ro□a	ro□a
<input type="text"/>	<input type="text"/>

	
te□to	te□to
<input type="text"/>	<input type="text"/>


	6 ^a
se□ta	se□ta
<input type="text"/>	<input type="text"/>

	
□erra	□erra
<input type="text"/>	<input type="text"/>

- 3 Arrodeia, segundo o código, as palabras con **x** da actividade 2.



Soan coma en *xamón*



Soan coma en *taxi*

- 4 Completa coa letra **x** e le en voz alta.

uro , o ardineiro, rega os irasoles todos os oves. Despois, auda na casa a facer o antar.

- 5 **DITADO.** Prepara o ditado para facelo no caderno. Fíxate nas palabras que teñen **x**.

Especie protexida

A balea azul está en perigo de extinción. Podería deixar de existir para sempre. A caza excesiva deste animal case o fixo desaparecer. Por iso, agora xa non se pode capturar: é unha especie protexida!



Melloro a ortografía

- Primeiro, le as palabras dos cadros. Despois, elixe e completa.

xesto / sexto

Xiao está en de primaria.

esperto / experto

Eu todos os días sobre as oito da mañá.

Unha boa lección



1 Que tipo de texto é este? Arrodea.

un poema

un cómic

un conto

2 Como suceden os feitos? Ordena.

- Desde aquel momento, o rapaz traveso xa non tira o lixo das papeleiras porque pensa que é perigoso.
- Un rapaz traveso tiraba o lixo das papeleiras e ensuciaba todo.
- Disfrazáronse e asustárono cando ía baleirar unha papeleira.
- Un compañeiro e unha compañeira decidiron darlle unha boa lección.

3 Como son os protagonistas? Risca o adxectivo que sobra en cada caso.



traveso maleducado traste valente

enxeñosos antipáticos educados responsables




4 Que conseguen o rapaz e a rapaza disfrazándose de monstros? Marca.

- Meterlle medo ao rapaz maleducado e burlarse del.
- Meterlle medo ao rapaz traveso e que este non volva tirar máis o lixo das papeleiras.



5 Como se fala en cada caso? Relaciona.

Fálase normal. 

Fálase en voz baixa. 

Fálase berrando. 

Vichelo?

Non, que pode ser perigoso...

Auxilio!



Dramatizade a historia en grupos de catro.

- ▶ Repartide os papeis da rapaza, os dos rapaces e o do narrador.
- ▶ Tede en conta que o monstro verde é a rapaza e o monstro vermello, o rapaz da camiseta azul.
- ▶ Dádelle a cada intervención a entoación e o ton de voz axeitados (berros, murmurios, etc.) e acompañádeas con xestos.



CREATIVIDADE

Elaboro un cartel

1 Que teñen en común as tres mensaxes? Le os carteis e subliña.



- Anuncian produtos con que se pode protexer o medio natural.
- Dan consellos e advirten da importancia de protexer o medio natural.

2 Que idea transmite cada cartel? Relaciona.

- | | |
|---|--|
| A | Todos podemos facer algo para coidar o planeta. |
| B | Debemos aforrar enerxía e non gastala inutilmente. |
| C | Non debemos malgastar auga; é un ben moi valioso. |

3 Que mensaxe che gusta máis? Por que? Escolle e explica.

4 Emparella as dúas metades de cada mensaxe e cópialas completas.

- | | | |
|--------------------------------|---|-----------------------------|
| Se aire limpo queres respirar, | • | • e aforrarás enerxía. |
| Practica a reciclaxe | • | • os bosques debes coidar. |
| Aproveita a luz do día | • | • e mantén limpa a paisaxe. |

5 Inventa outra oración para a mensaxe da actividade 4 que máis che guste.

Deseña un cartel usando o ordenador.

- ▶ Coa axuda dun adulto, elabora o cartel para a mensaxe elixida seguindo os modelos da actividade 1.
- ▶ Utiliza letras de medidas ou de cores diferentes.
- ▶ Distribúe o texto de xeito que quede ben.
- ▶ Acompaña o texto de debuxos ou fotografías.

